

**REUNIÓN DA COMISIÓN 3.<sup>a</sup>, ECONOMÍA,  
FACENDA E ORZAMENTOS**

Día: 02.02.2018      Hora: 10:30

29 XAN. 2018

Núm. 7145

A Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 2 de febreiro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto único. Preguntas**

- 1            22211 (10/POC-003618)  
              Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
              Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
              Sobre a valoración do Goberno galego sobre a evolución da situación e capacidade económica dos fogares galegos  
              *Publicación da iniciativa, BOPG n.º 237, do 11.01.2018*
  
- 2            22220 (10/POC-003620)  
              Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
              Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
              Sobre a elaboración do informe relativo á reestruturación bancaria en Galicia en cumprimento do acordo parlamentario da Comisión 3.<sup>a</sup> do 09/06/2017, as conclusións extraídas del polo Goberno galego e se se adoptou algún mecanismo de medición das consecuencias do dito proceso de reestruturación bancaria  
              *Publicación da iniciativa, BOPG n.º 237, do 11.01.2018*
  
- 3            22705 (10/POC-003745)  
              Grupo Parlamentario de En Marea  
              Sánchez García, Antón  
              Sobre a avaliación da Xunta de Galicia respecto do investimento levado a cabo polas administracións públicas nos últimos anos, así como do recorte que sufriron as partidas destinadas á vivenda e protección social fronte ás de defensa e orde pública  
              *Publicación da iniciativa, BOPG n.º 242, do 18.01.2018*
  
- 4            23378 (10/POC-003881)  
              Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
              Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 4 máis  
              Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia do orzamento destinado á convocatoria no ano 2018 de axudas e subvencións para o fomento do emprego e a mellora da empregabilidade no ámbito da

colaboración coas entidades locais, da suficiencia da duración dos contratos para o outorgamento da cualificación profesional que favoreza a inserción laboral e, se é o caso, das outras liñas de axuda previstas para eses fins

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018*

- 5            23379 (10/POC-003882)  
              Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
              Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis  
              Sobre o balance do Goberno galego respecto dos acordos adoptados o día 20 de abril de 2017 pola Comisión Galega de Cooperación Local, o seu nivel de cumprimento e o desenvolvemento por esa comisión das funcións consultivas e deliberantes reflectidas no artigo 191 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia  
              *Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018*
- 6            23630 (10/POC-003941)  
              Grupo Parlamentario de En Marea  
              Lago Peñas, José Manuel e Sánchez García, Antón  
              Sobre as taxas de variación de ingresos e gastos non financeiros  
              *Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018

Abel Fermín Losada Álvarez  
Presidente da Comisión

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 29/01/2018 14:30:09**

# RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 3.<sup>a</sup>, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS**

POR ORDE ALFABÉTICA

## **Mesa**

Presidente

Abel Fermín Losada Álvarez

S

Vicepresidenta

Cristina Isabel Romero Fernández

P

Secretario

Gonzalo Trenor López

P

## **Vogais**

José González Vázquez

P

José Manuel Lago Peñas

EM

María Guadalupe Murillo Solís

P

Paula Prado del Río

P

Noa Presas Bergantiños

BNG

Pedro Puy Fraga

P

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

S

Antón Sánchez García

EM

Sandra Vázquez Domínguez

P

Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 02.02.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

**Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 02.02.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 22211(10/POC-003618)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego sobre a evolución da situación e capacidade económica dos fogares galegos

*Publicación da iniciativa, 237, 11.01.2018*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/01/2018 13:10  
Nº Rexistro: 22211  
Data envío: 04/01/2018 13:10:16.542

### Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Olalla Rodil Fernández**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª**, relativa á valoración do goberno galego sobre a evolución da situación e capacidade económica dos fogares galegos.

Os fogares galegos experimentaron a partir do estalido da crise socioeconómica en 2008 unha baixada nos indicadores de calidade de vida e capacidade económica. No actual contexto de medre do cadro macroeconómico en índices como o PIB continúa a ser unha tarefa pendente e debera ser unha preocupación dos poderes públicos a súa translación ás economías individuais e familiares, cuxa situación non mellora de forma decidida co mantemento de dificultades como a fragmentación e precarización do mercado laboral, as consecuencias dos recortes nos servizos básicos e a dificultade de acceso a determinados bens e servizos.

Recentemente o Instituto Galego de Estatística facía públicos os datos referentes ao terceiro e cuarto trimestre de 2017 da Enquisa conxuntural a fogares que que permite avaliar os cambios na percepción do consumidor respecto das súas expectativas tanto de gasto como de aforro, así como da percepción da situación económica persoal e xeral do país.

Nos datos do penúltimo trimestre puidemos observar indicios preocupantes. Por exemplo, no referido á situación económica dos fogares nos últimos tres meses



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/01/2018 13:10**  
**Nº Rexistro: 22211**

Data envío: 04/01/2018 13:10:16.542

constátase a realidade de que nin o 50% dos fogares do noso país chega con facilidade ou moita facilidade ao termo do mes, xa que aínda que a porcentaxe aumenta a respecto de 2016 podemos observar como mesmo diminúe a porcentaxe se a comparamos o terceiro trimestre (48,33%) co segundo (54,52%) ou co primeiro (48,12%) do ano 2017. Así mesmo, neste terceiro trimestre malia a lixeira baixada da porcentaxe dos fogares galegos que chegan con moita dificultade a final do mes, de menos dun 1%, volve experimentarse un incremento (+6,77 puntos) no parámetro dos fogares galegos que chegan a fin de mes con dificultade. Máis adiante, no cuarto e último trimestre do ano podemos ver como se consolida esta tendencia de que máis da metade do país estea en situacións de dificultade, en diferentes graos. Desta forma, malia que con respecto ao trimestre anterior se experimenta unha diminución de 2,56 puntos na porcentaxe de fogares que chega con moita dificultade a fin de mes, tamén se produce unha diminución, neste caso do 0,69 puntos, na porcentaxe de fogares que chega con facilidade ou moita facilidade a fin de mes. Porén, aumenta o tramo intermedio de porcentaxe de fogares que chega con dificultade ao último día do mes (3,25 puntos de incremento respecto ao trimestre anterior).

Doutra banda, se comparamos os datos anualmente podemos observar como a respecto do cuarto trimestre do ano 2016, se ben aumenta en 0,7 puntos a porcentaxe de fogares que chega con facilidade ou moita facilidade, increméntase con maior intensidade a porcentaxe de fogares que chega con dificultade a fin de mes entre o cuarto trimestre de 2016 e o respectivo de 2017 (aumentou 2,19 puntos) o cal fai que a redución da porcentaxe de fogares que chega con moita dificultade ao último día do mes, aínda que teña diminuído en 2,89 puntos no último ano ilustre un panorama preocupante.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/01/2018 13:10**  
**Nº Rexistro: 22211**

Data envío: 04/01/2018 13:10:16.542

Á vista desta situación faise evidente que non se consolida a mellora da situación dos fogares galegos e que son precisas mudanzas nas políticas económicas da Xunta de Galiza.

Por todos estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 3ª:

-Como valora o goberno galego a situación dos fogares dos galegos e galegas?

-Considera o goberno galego que a mellora de indicadores macroeconómicos está a ter unha translación ás familias do noso país?

-Considera o goberno galego que as súas políticas fiscais e económicas están a ter un verdadeiro impacto redistributivo na sociedade galega?

-Interpreta a Xunta de Galiza que as porcentaxes de fogares galegos con dificultade ou moita dificultade para chegar a fin de mes son un problema estrutural? Que ten pensado facer ao respecto?

-Como avalía a Xunta de Galiza os índices do indicador de confianza das persoas consumidoras e indicadores de sentimento do consumidor por intervalo de ingresos mensuais do fogar no referido aos salarios menores de mil euros?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2018



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/01/2018 13:10  
Nº Rexistro: 22211

Data envío: 04/01/2018 13:10:16.542

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 04/01/2018 13:07:36**

**María Montserrat Prado Cores na data 04/01/2018 13:07:40**

**Ana Pontón Mondelo na data 04/01/2018 13:07:42**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 04/01/2018 13:07:43**

**Olalla Rodil Fernández na data 04/01/2018 13:07:44**

**Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2018 13:07:46**

**Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 02.02.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.2 22220(10/POC-003620)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a elaboración do informe relativo á reestruturación bancaria en Galicia en cumprimento do acordo parlamentario da Comisión 3<sup>a</sup> do 09/06/2017, as conclusións extraídas del polo Goberno galego e se se adoptou algún mecanismo de medición das consecuencias do dito proceso de reestruturación bancaria

*Publicación da iniciativa, 237, 11.01.2018*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/01/2018 13:37  
Nº Rexistro: 22220  
Data envío: 04/01/2018 13:37:11.827

### Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Olalla Rodil Fernández**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª**.

O pasado sete de xuño coñeceu publicamente a venda, durante esa madrugada, do Banco Popular ao Santander. Consumábase, desta forma, a crónica dunha morte anunciada. Diferentes novas e indicios das semanas e meses anteriores facía prever a venda desta entidade. Precisamente por ese motivo, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista tiña presentado, entre outras, ante o Parlamento Galego a iniciativa número de rexistro 9315 (10/PNC-000973) que, ademais, estaba incorporada para o debate da Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos a celebrar o día nove de xuño de 2017, apenas dous días despois da desafortunada nova da venda.

A Proposición non de lei versaba sobre a realización polo Goberno galego dun informe respecto das consecuencias da reestruturación bancaria en Galiza, a situación de concentración do mercado financeiro tras a desaparición das caixas e entidades bancarias galegas e a súa afección para as persoas usuarias na que se facía fincapé no impacto que tería a venda da entidade anteriormente mencionada.

Nesa comisión chegouse a un acordo por unanimidade de todos os grupos políticos que ditaba como segue:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galiza a:



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/01/2018 13:37  
Nº Rexistro: 22220

Data envío: 04/01/2018 13:37:11.827

—Realizar un exhaustivo informe que analice as consecuencias da reestruturación bancaria en Galiza, a situación de concentración do mercado bancario após a desaparición das caixas e entidades bancarias galegas e as súas consecuencias para as persoas usuarias de servizos financeiros en Galiza.

—Trasladar este informe á Cámara galega para o seu coñecemento e debate.»

Pasado máis de medio ano de dito acordo, desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos que o goberno galego tivo tempo máis que suficiente para elaborar un estudo profundo sobre a situación e é hora de debater o seu resultado así como promover acordos políticos para as liñas de actuación que deste se deriven.

Por todos estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 3ª:

-Que conclusións tirou o goberno galego en cumprimento do acordo parlamentar da Comisión 3ª do 9/06/2017 relativo á un exhaustivo informe que analice as consecuencias da reestruturación bancaria en Galiza?

-En que data ten prevista a súa remisión á cámara, presentación e debate?

-Cal foi o procedemento deseñado polo goberno galego para cumprir o acordo e elaborar o informe?

-Que consellaría ou consellarías participaron?

-Contou o goberno galego coa opinión e participación Consello Económico e Social de Galiza?



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 04/01/2018 13:37  
**Nº Rexistro: 22220**  
Data envío: 04/01/2018 13:37:11.827

-Contou o goberno galego coa opinión e participación das tres universidades galegas? Por que vía?

-Contou o goberno galego con estudos e informacións estatísticas de produción propia? A través de que mecanismos?

-Cales conclúe o goberno galego que son as principais consecuencias para as persoas usuarias? Ten avaliado xa propostas para actuar ao respecto, na medida das súas competencias?

-Cales conclúe o goberno galego que son as principais consecuencias para a oferta de servizos financeiros? Ten avaliado xa propostas para actuar ao respecto, na medida das súas competencias?

-Ten adoptado o goberno galego algún mecanismo de medición, ben cuantitativo, ben cualitativo, das consecuencias derivadas da centralización bancaria para estudar os seus efectos progresivamente nos vindeiros anos? Cales?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2018

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/01/2018 13:37**  
**Nº Rexistro: 2220**  
Data envío: 04/01/2018 13:37:11.827

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 04/01/2018 13:32:09**

**María Montserrat Prado Cores na data 04/01/2018 13:32:14**

**Ana Pontón Mondelo na data 04/01/2018 13:32:16**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 04/01/2018 13:32:17**

**Olalla Rodil Fernández na data 04/01/2018 13:32:19**

**Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2018 13:32:21**

**Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 02.02.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.3 22705(10/POC-003745)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a avaliación da Xunta de Galicia respecto do investimento levado a cabo polas administracións públicas nos últimos anos, así como do recorte que sufriron as partidas destinadas á vivenda e protección social fronte ás de defensa e orde pública

*Publicación da iniciativa, 242, 18.01.2018*



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 3ª**.

Recentemente, o Banco de España publicou un informe titulado “La evolución de la inversión pública durante la crisis y la recuperación” no que discute o papel que levan a cabo as Administracións Públicas (AAPP) na provisión de bens e servizos de transporte, educación, sanidade... co obxecto de corrixir a posibilidade da súa representación insuficiente. Entre as conclusións do informe atopamos que:

- 1) existe unha relación positiva entre a produtividade agregada da economía e o gasto público produtivo, que impacta no crecemento potencial; e que
- 2) a inversión pública adecuadamente dirixida permitiría articular un esforzo coordinado de estímulo orzamentario na Unión Económica e Monetaria, sobre a base da súa expansión nos países que teñan marxe de manobra suficiente.

Porén, no conxunto das economías avanzadas e emerxentes, a inversión pública é baixa, atendendo a serie histórica. Este acontecemento acentuouse cos procesos de consolidación orzamentaria levados a cabo durante a crise económica.

No caso das AAPP españolas, a inversión situouse no 2016 no 1,9% do PIB, un nivel inferior a media europea e ao período 1970-2016, que se situou na media do 3,6%. O seu peso no total da inversión da economía foi inferior ao 10% no 2016, por debaixo do 15% que supuxo de media nas últimas cinco décadas. Atendendo



aos datos máis recentes, a inversión pública rexistrou no 2016 o seu valor mínimo dende 1970, tanto no que respecta ao gasto público (4,6% do total) como no que atinxe ao PIB (1,9% do PIB).

No ano 2015, arredor do 45% do total da inversión das AAPP realizouse no ámbito dos “asuntos económicos”, que inclúe o gasto en infraestruturas. A inversión en “servizos públicos xerais” supuxo cerca do 15% do total, e a “defensa” e a “saúde” cerca do 10%. O resto de partidas situáronse en niveis próximos ou inferiores ao 5%.

As partidas que máis se reduciron en termos porcentuais foron as de “vivenda” e “protección social” (en torno ao 80% de caída nominal), mentres que a de “asuntos económicos” diminuíu en liña co total (50%) e as de “defensa” e “orde público e seguridade” experimentaron só unha redución nominal acumulada que se sitúa entre o 10% e o 20%.

Por todo o exposto o deputado que subscribe formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Que avaliación fai o Goberno da Xunta da inversión que levaron a cabo as AAPP os últimos anos?
- Que avaliación lle merece a redución que sufriron as partidas de “vivenda” e “protección social” fronte ás de “defensa” e “orde público”?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García  
Deputado do G.P. de En Marea.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/01/2018 10:41**  
**Nº Rexistro: 22705**  
Data envío: 11/01/2018 10:41:26.874

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 11/01/2018 10:40:35**

**Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 02.02.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.4 23378(10/POC-003881)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 4 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia do orzamento destinado á convocatoria no ano 2018 de axudas e subvencións para o fomento do emprego e a mellora da empregabilidade no ámbito da colaboración coas entidades locais, da suficiencia da duración dos contratos para o outorgamento da cualificación profesional que favoreza a inserción laboral e, se é o caso, das outras liñas de axuda previstas para eses fins

*Publicación da iniciativa, 247, 25.01.2018*



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

O 11 de xaneiro de 2018 publicouse no DOG a Orde do 12 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria *para o exercicio do ano 2018; subvencións financiadas con cargo á aplicación orzamentaria 09.40.322C.460.2 (2015 00489) por un importe global de 1.300.000 euros e na que se establece* como beneficiarios os concellos e as mancomunidades de concellos, os consorcios locais e as entidades locais menores, sempre que todos eles dispoñan de capacidade técnica e de xestión suficientes para a execución dos correspondentes proxectos.

Na exposición de motivos, establécese que lle corresponde á Consellería de Economía, Emprego e Industria a xestión das subvencións e axudas públicas das políticas activas de emprego, entre as que están as medidas dirixidas, por unha banda, a fomentar a creación de emprego de calidade e, por outra, a incrementar a empregabilidade das persoas desempregadas, mellorando as condicións do mercado de traballo, no marco da Estratexia europea para o emprego e de acordo coa Axenda 20 para o Emprego, e no eido da colaboración institucional e o diálogo social entre o Goberno galego e os axentes económicos e sociais de Galicia.

A dita orde establece nos seus artigos:

*“Artigo 1. Obxecto e finalidade*

*Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras e as condicións polas que se rexerá, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva, das axudas e subvencións que están destinadas ao financiamento de accións de fomento de emprego en colaboración coas entidades locais a través da contratación de persoas traballadoras desempregadas para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social (procedemento TR351A), co obxecto de proporcionarlles a*



**Grupo Parlamentario**

*experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral”.*

*“Artigo 4. Requisitos das obras ou servizos*

*1. As obras ou servizos que se desenvolverán mediante a actividade das persoas traballadoras desempregadas deberán ser de interese xeral e social, competencia das entidades locais e cumprir os seguintes requisitos:*

*a) Que sexan executados polas entidades locais en réxime de administración directa ou polos organismos, entes ou empresas públicas a que se encomende a súa execución.*

*b) Que, na súa execución ou prestación, se favoreza a formación e práctica profesionais das persoas desempregadas.*

*c) Que a porcentaxe mínima de persoas traballadoras desempregadas que se vaian ocupar na realización da obra ou servizo sexa do 75 %.*

*d) Que a entidade local dispoña de asignación orzamentaria suficiente para facerse cargo das partidas orzamentarias non subvencionadas para a realización das obras ou servizos.*

*e) Que sexan proxectos que teñan en conta profesións que favorezan a inserción laboral.*

*f) Que a duración dos contratos das persoas desempregadas que vaian desenvolver a prestación dos servizos non supere os tres meses desde a súa data de inicio, cando a xornada sexa a tempo completo. En caso de contratacións a tempo parcial, de ata o 50 %, a dita duración máxima poderá estenderse ata os seis meses”.*

*“Artigo 5. Subvención. Contía*

*1. A contía da subvención que percibirán as entidades beneficiarias será, para efectos salariais, a equivalente á necesaria para sufragar os custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos na mesma cantidade que a fixada para o salario segundo o convenio colectivo vixente no momento de formular a solicitude, por cada persoa traballadora desempregada contratada, cos seguintes máximos:*



#### Grupo Parlamentario

*Para o grupo de cotización 1: 2.700 €.  
Para o grupo de cotización 2: 2.200 €.  
Para o grupo de cotización 3: 2.000 €.  
Para o grupo de cotización 4: 1.900 €.  
Para o grupo de cotización 5: 1.800 €.  
Para o grupo de cotización 6: 1.700 €.  
Para o grupo de cotización 7: 1.600 €.  
Para o grupo de cotización 8: 1.500 €.  
Para o grupo de cotización 9: 1.500 €.  
Para o grupo de cotización 10: 1.500 €.*

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

*Estes importes máximos incrementaríanse nun 15 % no caso de que as contratacións se realicen nunha obra ou servizo solicitado conxuntamente, de acordo co punto 2.3 do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 28 de febreiro de 2013.*

Por iso as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Considera o Goberno galego que a cantidade consignada para o fomento de emprego en colaboración coas entidades é suficiente para mellorar a empregabilidade?

2ª) Considera o Goberno galego que a contratación de persoas desempregadas durante tres meses a xornada completa ou de seis meses cando a contratación é tempo parcial, é suficiente para outorgar a formación profesional que favoreza a inserción laboral?

3ª) En caso negativo, cales son as outras liñas de axuda que ten pensado o Goberno galego para este exercicio 2018, para mellorar a empregabilidade en colaboración coas entidades locais?

4ª) Cales son as razóns polas que na orde se establece que os importes máximos se incrementarían nun 15 % no caso de que as contratacións se realicen nunha obra ou servizo solicitados conxuntamente, de acordo co punto 2.3 do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 28 de febreiro de 2013?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2018



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/01/2018 09:30**  
**Nº Rexistro: 23378**  
Data envío: 16/01/2018 19:36:40.981



---

 **Grupo Parlamentario**

---

**Asinado dixitalmente por:**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/01/2018 19:26:32**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 16/01/2018 19:26:43**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 16/01/2018 19:26:53**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 16/01/2018 19:27:01**

**Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2018 19:27:09**



**Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 02.02.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.5 23379(10/POC-003882)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre o balance do Goberno galego respecto dos acordos adoptados o día 20 de abril de 2017 pola Comisión Galega de Cooperación Local, o seu nivel de cumprimento e o desenvolvemento por esa comisión das funcións consultivas e deliberantes reflectidas no artigo 191 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia

*Publicación da iniciativa, 247, 25.01.2018*

### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

A Comisión Galega de Cooperación Local vén contemplada na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia no seu Título V, Capítulo II, artigos 188-192, na que se establece como o órgano permanente de colaboración para a coordinación entre a Administración autonómica e as entidades locais galegas.

No artigo 191 da dita Lei de Administración local de Galicia, establécese que:

“A Comisión Galega de Cooperación Local poderá exercer as funcións consultiva e deliberante nas seguintes materias:

- a) Emitir informe sobre os anteproxectos de lei, os regulamentos e os decretos que atinxan o réxime local.
- b) Propoñer medidas de asistencia e asesoramento aos concellos, especialmente a través do estudio, da información e da difusión das materias que os afecten.
- c) Informar das necesidades e insuficiencias dos municipios galegos en materia de servizos mínimos e propoñer criterios xerais para acordala dispensa da súa prestación.
- d) Velar polo cumprimento dos principios de autonomía e suficiencia financeira das entidades locais.
- e) Estudar e propoñer as medidas que crea convenientes en relación coa situación económico-financeira das entidades locais.
- f) Propoñer criterios de colaboración e coordinación para que as diferentes administracións públicas exerzan as súas funcións de cooperación económica, técnica e administrativa.



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

- g) *Coñecer e emitir informe sobre os acordos das comisións que se creen para a transferencia e delegación de competencias propias da Comunidade Autónoma nas entidades locais para a encomenda de xestión, así como emitir informe previo nos casos de revogación da delegación ou da encomenda de xestión.*
- h) *Estudar e propoñer criterios para a distribución do Fondo de Cooperación Local.*
- i) *Coñecer e emitir informe sobre os proxectos de plans provinciais de cooperación ás obras e aos servizos de competencia municipal.*
- j) *Propoñer e emitir informe sobre os convenios ou outras fórmulas de colaboración interadministrativa que poidan subscribirse entre a Comunidade Autónoma e as deputacións provinciais”*

O Goberno galego convocou a Comisión Galega de Cooperación Local o 20 de abril de 2017, despois de 8 anos sen que se reunise nin unha soa vez. Nesa reunión adoptáronse unha serie de acordos aprobados por unanimidade.

Á vista destes datos, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que balance fai o Goberno galego sobre os acordos adoptados no seo da Comisión Galega de Cooperación Local desenvolvida o 20 de abril de 2017?

2ª) Cal é o nivel de cumprimento dos acordos adoptados no seo da Comisión Galega de Cooperación Local desenvolvida o 20 de abril de 2017?

3ª) Cales son os motivos polos que o Goberno galego non permite que a Comisión Galega de Cooperación Local exerza as funcións consultiva e deliberante segundo se establece no artigo 191 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2018



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/01/2018 09:30**  
**Nº Rexistro: 23379**  
Data envío: 16/01/2018 19:37:27.115



---

 **Grupo Parlamentario**

**Asinado dixitalmente por:**

---

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/01/2018 19:27:37**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 16/01/2018 19:27:45**

---

**Patricia Vilán Lorenzo na data 16/01/2018 19:27:55**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 16/01/2018 19:28:02**

**Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 02.02.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.6 23630(10/POC-003941)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Sánchez García, Antón

Sobre as taxas de variación de ingresos e gastos non  
financeiros

*Publicación da iniciativa, 247, 25.01.2018*

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Manuel Lago Peñas e Antón Sánchez García**, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.<sup>a</sup>**

O Ministerio de Hacienda e Función Pública (MINHAP) acaba de publicar o informe mensual correspondente ao mes de setembro cos datos da execución orzamentaria das Comunidades Autónomas.

Este informe permite coñecer e analizar a evolución orzamentaria acumulada ao mes de referencia que neste caso, ao ser o mes de setembro, ten xa valores significativos.

O informe do Ministro detalla a evolución dos ingresos e os gastos así como o déficit ou superávit das diferentes Comunidades Autónomas.

Como despois se verá, Galicia presenta cifras positivas de superávit orzamentario pero negativas na súa forma de conseguilo, porque non o fai ingresando máis, senón gastando menos.

Os ingresos non financeiros acumulados ata setembro de 2017 acadaron en Galicia a cifra de 6.384 millóns de euros, cantidade que comparada co mesmo período do ano 2016 supón un incremento do 2.08%.

Esta taxa de variación dos ingresos é sen dúbida decepcionante, porque a economía está medrado en termos nominais no 4.2%, o dobre que os ingresos.

Pero ademais, de decepcionante é preocupante cando se compara co resto das Comunidades Autónomas do Estado: a taxa de variación media dos ingresos, no total das CCAA é do 4,95%, isto é, multiplica por 2,5 veces a taxa de Galicia.



Unha diferenza enorme, de difícil comprensión, que acada a súa máxima expresión cando a comparamos coas CCAA con mellor comportamento. Porque en Canarias a taxa de incremento dos ingresos non financeiros é do 9,8%, en Baleares do 9,4%, na Comunidade Valenciana do 8,77%, en Cataluña do 8,62% e do 7,87% en Navarra.

Galicia ten, polo tanto, unha taxa de variación dos ingresos non financeiros moi baixa que a coloca como a terceira peor entre as CCAA do réxime común.

Para entendela mellor, si Galicia tivera unha taxa de variación igual á media das CCAA os seus ingresos serían 182 millóns máis que os realmente acadados ata setembro, e chegarían ata 420 millóns de euros máis coa taxa de Valencia ou Cataluña.

Peor hai algo máis. O IPC interanual medio entre xaneiro e setembro en Galicia é do 2,23%, de tal forma que si descontamos a inflación da taxa nominal o resultado é que en termos reais os ingresos non financeiros en Galicia están estancados.

Porque tendo unha peor evolución nos ingresos Galicia está entre as CCAA con maior equilibrio orzamentario? Porque o que fai e gastar menos. Gastar menos é a forma que ten a Xunta de Galicia para acadar o superávit orzamentario.

O gasto non financeiro acumulado ata setembro en Galicia é de 5.990 millóns de euros, o que supón unha taxa de variación do 2,38%, sobre o mesmo período do 2016, cifra que é practicamente a metade da media do resto das CCAA.

No conxunto das CCAA do Estado o gasto non financeiro incrementouse no 4,3% sobre o ano anterior, case o dobre que a taxa de Galicia, o que pon de evidencia a estratexia de gastar menos que ten a Xunta de Galicia.

Aquí tamén as diferencias coas CCAA que teñen un mellor desempeño é notable. Galicia é a quinta comunidade do réxime común na que menos se incrementa o



gasto e sitúase a gran diferenza das que encabezan o ranking. Outra vez Canarias e Baleares son as que incrementan máis a súa capacidade de gasto, no entorno do 9%, grazas aos seus maiores ingresos. Pero tamén Madrid co 4,98%, e Comunidade Valenciana co 4,62% teñen taxa de incremento do gasto non financeiro moi por riba de Galicia.

Facendo un cálculo similar ao dos ingresos, si Galicia tivera a mesma taxa de variación do gasto que a media do Estado, os servizos públicos galegos dispoñerían de 109 millóns de euros máis ata setembro, cifra que se elevaría ata 384 millóns de euros si acadáramos a taxa de Baleares ou Canarias.

E aquí tamén hai que recordar que si a inflación interanual media ata setembro está no 2,23% o gasto en termos reais está estancado.

En síntese, cos datos acumulados ata setembro, Galicia presenta unha evolución orzamentaria preocupante e negativa, con taxas de variación dos ingresos e dos gastos non financeiros de apenas a metade da media das CCAA e moi alonxada dos que teñen mellores valores, o que se traduce en ingresos e gastos por debaixo da media o que cuestiona a estratexia da consolidación fiscal, porque o equilibrio orzamentario non se consegue ingresando máis senón gastando menos.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 3.<sup>a</sup>:

- 1.<sup>a</sup>) Como explica a Xunta que a taxa de variación dos ingresos non financeiros acumulada a setembro de 2017 sexa do 2,08% en comparación co 2016 mentres que o PIB nominal crece o 4,2%?
- 2.<sup>a</sup>) Como explica que en termos reais os ingresos apenas crezan, xa que o IPC interanual acumulado ata setembro é do 2,23%?
- 3.<sup>a</sup>) Cal é a razón de que os ingresos medren en Galicia a metade do que o fan no resto das CCAA?





- 4.<sup>a</sup>) Ten cuantificado a Xunta os menores ingresos dos que dispón por esta peor evolución comparada coa media do Estado e sobre todo coas CCAA con mellor evolución?
- 5.<sup>a</sup>) Como explica a Xunta que a taxa de variación do gasto non financeiro sexa do 2,38% mentres que o PIB nominal crece no 4,2% entre xaneiro e setembro de 2017?
- 6.<sup>a</sup>) Esta evolución forma parte da estratexia do goberno de ir reducindo o peso do gasto público en relación ao PIB, segundo o comportamento do Goberno central coa Comisión Europea?
- 7.<sup>a</sup>) Como explica que en termos reais o gasto non financeiro estea estancado en 2017, o cuarto ano da fase alcista do ciclo?
- 8.<sup>a</sup>) Cal é a razón que pode explicar que a taxa de variación do gasto non financeiro no conxunto das CCAA sexa do 4,3% mentres que en Galicia é do 2,38%, practicamente a metade?
- 9.<sup>a</sup>) Ten cuantificado a Xunta o incremento do gasto en sanidade ou en educación que teriamos si o gasto público medrara en Galicia en taxas similares ás das CCAA con mellor evolución?
- 10.<sup>a</sup>) Por que Galicia está na cola das CCAA na evolución da variación do gasto público?
- 11.<sup>a</sup>) A evolución descrita no informe do MINHAP de menores ingresos e menores gastos é a estratexia de consolidación fiscal que ten o Goberno?



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 18/01/2018 18:29  
Nº Rexistro: 23630  
Data envío: 18/01/2018 18:29:30.584



12ª) Parécelle mellor esta vía –incrementar os ingresos non financeiros no 2,08% e os gastos no 2,3%- que a vía canaria, onde os ingresos se incrementan no 9,8% e iso lles permite consolidar pero tamén mellorar o gasto público no 9,4%?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2018

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 18/01/2018 17:37:28**

**Antón Sánchez García na data 18/01/2018 17:37:47**